



PLAN DIXITAL

CEIP. PLURILINGÜE ISIDORA Riestra

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome: CEIP Plurilingüe Isidora Riestra.

Dirección: Rúa Camiño da Reiboa, 10. 36995, Poio, Pontevedra.

Correo Electrónico: ceip.isidora.riestra@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisidorariestra/>

Etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria.

Número de alumando: 202 alumnos e alumnas.

Número de profesorado: 23 profesores e profesoras.

1,2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Poio é un Concello da provincia de Pontevedra que foi incluído na súa comarca. Conta cunha extensión de 37,5 Km² e está a carón da ría de Pontevedra, na súa marxe dereita.

O centro foi construído sobre un recheo que se gañou ao mar o que fai que sexa bastante húmido e frío.

Está protexido dos fríos norteños polo monte Castrove e goza dun clima oceánico típico suavizado polas brisas mariñas , xa que as illas de Ons e Onza defenden a ría de Pontevedra do Océano Atlántico.

Actualmente Poio está dividido en cinco parroquias:

San Salvador, San Xoán, Combarro, Samieira e Raxó. Limita cos Concellos de Pontevedra,

Meis, Meaño e Sanxenxo.

Poio é un Concello eminentemente mariñeiro, ten unha pequena franxa agrícola onde os veciños alternan o mar coa labranza e conta , tamén, cunhas ladeiras con algo de masa forestal.

Conta tamén con algunhas industrias conserveiras, que dan traballo, sobre todo, a mulleres do municipio. Moitos dos habitantes de Poio traballan na capital, (Pontevedra).

A parroquia máis extensa é a de San Xoán (á que pertence o noso colexio) e conta con numerosas aldeas ou lugares , coma; A Seca (onde está ubicado o centro), Seara, Casal, Campelo, Albar, Liñares, O Muiño, Fragamoreira, Sartal, Vilariño, Aris, Ucha, San Martiño, Fontenla (onde está o IES), A Pinela, Casalvito, O Pereiro, Esperón, Vilar, Riomouro e A Escusa.

A zona de influencia do colexio comprende tódolos lugares antes citados, agás Campelo, que pertence á zona de influencia do CEIP de Lourido.

Historicamente , Poio é moi rico. É un lugar que conta cun fermoso mosteiro cheo de historia e culturalmente moi importante, e conta tamén con fermosas lendas coma a de Santa Trahamunda e outras relacionadas coa illa de Tambo.

A base celular da organización é a familia tradicional, que en moitos casos está formada por tres xeracións: avós, pais e netos.

A idade media dos pais e das nais da maioría dos noso alumnado están comprendidas entre 30 e 40 anos.

A calidade da vivenda, a maioría é aceptable, tendo un amplo porcentaxe de familias que habitan nunha vivenda unifamiliar. Case a totalidade do noso alumnado dispón de habitación propia, compartida en moitos casos cos seus irmáns; nela é onde realizan as tarefas escolares.

A maioría dos nenos e nenas posúe ordenador na súa casa; porcentaxe que está aumentando progresivamente, tendo unha parte de eles acceso a internet.

En canto á distribución do emprego na zona de influencia do centro cabe destacar que unha porcentaxe ampla de pais traballan na construción, seguindo en importancia o sector dos servicios e observamos que hai moitas nais que se dedican as tarefas da casa.

A lingua falada por unha grande maioría de habitantes do Concello é a galega, se ben, pais e nais galego falantes fálalle aos fillos/as en castelán.

Os alumnos/as teñen coñecemento do galego pois a maioría dos pais e abós fálano entre eles.

O noso Centro é un colexio de Educación Infantil e Primaria que ten na actualidade 202 alumnos e alumnas e 23 profesores e profesoras organizados en 13 unidades.

Pretendemos que o noso Plan Dixital sexa un documento flexible, integrador e que sirva para fomentar a utilización das novas tecnoloxías nos diferentes aspectos que forman o desenvolvemento da nosa labor docente e que desta maneira estea intimamente relacionado cos diferentes proxectos que se desenvolven ao longo do curso escolar e así conseguir que interveñan na consecución dos obxectivos que rexen o noso Proxecto Educativo.

No PEC nos seus obxectivos, no ámbito pedagóxico, está: "Fomentar o emprego e aproveitamento da Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC)" . O PD é a ferramenta básica e máis eficaz coa que conseguiremos acadar dito obxectivo.

Da mesma maneira a realización do Plan Dixital ten implícita unha gran flexibilidade e adaptabilidade as diferentes circunstancias que poden ir xurdindo no desenvolvemento da nosa labor educativa. Por isto, ao final de cada curso farase unha avaliación do seu desenvolvemento ao longo do curso que nos vai servir de base para establecer os cambios a realizar na redacción do PD do seguinte curso que quedará integrado na Programación Xeral Anual.

A integración do equipo TIC cos diferentes equipos...

1.3. Breve xustificación do mesmo

A elaboración do Plan Dixital fundaméntase nunha base legislativa que poderíamos resumir nos seguintes aspectos:

- ✓ A LO 2/2006 do 3 de maio de Educación fai referencia, seu artigo 111 bis, a que as administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación na aula como medio didáctico como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de Ensinanza e Aprendizaxe.

No punto 6 do mesmo artigo fai referencia á necesidade de elaborar e revisar os marcos de referencia da competencia dixital que orienten na formación inicial e permanente do profesorado.

No artigo 121 marca a necesidade de o centro teña unha estratexia dixital dentro do Proxecto Educativo da cordo do establecido no artigo anterior.

Da mesma maneira, dentro das competencias das direccións dos centros, establececese a de promover a innovación educativa.
- ✓ Na disposición adicional quinta da resolución do 17 de xuño de 2021 sinala a necesidade de establecer as medidas necesarias para desenvolver un aprendizaxe non presencial motivado por causas externas. Facendo fincapé no alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que presenta dificultades derivadas da fenda dixital.
- ✓ Por último na resolución do tres de setembro de 2021, establécense as bases para o procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do plan dixital creouse no centro un Equipo de Dinamización do Plan Dixital formado por:

O Director.

A Xefa de Estudos.

O Coordinador das TICS.

Para o desenrolo do Plan dixital partiuse das infraestruturas, equipamentos e servizos dixitais do centro e dos resultados obtidos do informe SELFIE, TCDD e Análise DAFO. Con estes datos elaborouse un Plan de Acción e creáronse as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas para o noso centro, así como as necesidades de formación para o noso profesorado.

2.Situación de partida

2.1.Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Conectividade:

No centro dispoñemos de conexión a internet por cable nalgúns lugares e por wiffi no resto do colexio.

Nalgúns espazos do centro a sinal wiffi é deficiente.

Na aula de informática as conexións están en moi malas condicións.

Equipamento do Centro:

Ordenadores.

Igual o anterior a 2012	21
Igual o anterior a 2017	35
Igual o anterior a 2022	5
Total	61

Portátiles moi antigos moitos deles avariados	13
---	----

Para prestar con conexión	9
Edixgal (En depósito)	3

Proxectores

ACER +/- 10 anos antigüidade.	4
EPSON 2008.	5
EPSON CORTO ALCANCE (ABALAR)	6
EPSON +/- 10 anos antigüidade.	2
OPTOMA	3
Total	20

Pizarras

SMART BOART mais de 12 anos	2
Con menos de cinco anos	5
Pizarras Multiclass con proxector integrado	4
Pizarras Multiclass con proxector integrado (averiadas)	2
Total	13

Cámaras de video dvd	2
----------------------	---

Cámara de fotos.	1
------------------	---

Altavoz	4
---------	---

Mesas de mezclas.	3
-------------------	---

Impresoras	1
------------	---

Tablets	4
---------	---

Escaner	2
---------	---

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo das áreas do Informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	3				
	Alumnado	3.4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	4.2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	2.7				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					

G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	3				
	Alumnado	3.8				

Test CDD de centro:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	18	72,2%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	3	66,7%
SUBSTITUTO	5	5	100%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
60,9	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	68,1	integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Prim.	55,2	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	9,5%
A2	9	42,9%
B1	9	42,9%
B2	1	4,8%
C1		
C2		
TOTAL	21	100,10%

2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>1. Dispoñemos de dispositivos dixitais para o uso das ensinanzas.</p> <p>2. Temos bo acceso a internet.</p> <p>3. Temos dispositivos dixitais e portátiles para o uso do alumnado.</p>	<p>1. Os alumnado con necesidades educativas especiais ten pouco acceso as tecnoloxías dixitais.</p> <p>2. Non dispoñemos de repositorios o bibliotecas en liña con materiais de ensinanza e aprendizaxe.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>1. Utilizamos novas formas de ensinanzas con tecnoloxía dixital.</p> <p>2. Reflexionamos sobre a utilización das tecnoloxías dixitais nas nosas ensinanzas.</p> <p>3. Utilización das tecnoloxías dixitais para reforzar as ensinanzas co alumnado.</p> <p>4. Os profesores utilizan as tecnoloxías dixitais no seu método de ensinanza e na realización de actividades co o alumnado e no proceso de avaliación.</p>	<p>1. Non se avalían os progresos de aprendizaxes en tecnoloxías dixitais.</p> <p>2. Pouca utilización da creatividade nas actividades de aprendizaxe dixital.</p> <p>3. No se utiliza as tecnoloxías dixitais na colaboración entre alumnado.</p>

	<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>		
	<p>ALUMNADO</p>	<p>1. Dispoñemos de dispositivos dixitais e portátiles que o alumnado pode utilizar no colexio e na súa casa. 2. no noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira segura en Internet, buscar información e comprobar se a información é fiable. 3. O alumnado aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais.</p>	<p>1. O alumnado non trae os seus dispositivos portátiles para utilizar durante as clases. 2.O alumnado non aprende a crear contidos dixitais, codificar ou programar.</p>
	<p>FAMILIAS</p>		<p>1. As familias non deixan os dispositivos dixitais persoais para traballar os nenos nas clases.</p>
	<p>OFERTA</p>	<p>1. O profesorado co apoio do equipo directivo realiza frecuentemente cursos de aprendizaxe en tecnoloxías dixitais.</p>	<p>1. No contamos cunha estratexia dixital 2. Non avaliamos os nosos progresos en materia dixital</p>
	<p>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</p>	<p>1. O centro dispoñe de asistencia técnica cando temos problemas coas tecnoloxías dixitais. 2. Contamos con espazos físicos para o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais. 3. o profesorado facilita que o alumnado utilice as tecnoloxías para documentar o seu aprendizaxe.</p>	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		1. Non contamos con bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensinanza e aprendizaxe.
	LEXISLACIÓN	1. Respectamos os dereitos de autor e as licencias de uso coas tecnoloxías dixitais	1. NO noso centro existen poucos sistemas de protección de datos.
	CONTORNA	1. Contamos con medidas para identificar as necesidades do aprendizaxe do alumnado e o seu contexto económico	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	1. Utilización das tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións	

3. Plan de Acción

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Liderazgo						
OBXECTIVO 1	Aumentar o número de estratexias dixitais desenvoltas co profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	O director				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de recursos dixitais					
Valor de partida	4 recursos dixitais creados					
Valor previsto e data	7 recursos dixitais creados					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Formación na creación de recursos de aula	Coordinador de TICS	31/12/2022	Humanos: profesorado Materiais. Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación dun grupo de traballo para mellorar a páxina web do centro	Coordinador/a das TICS	30/09/2022	Equipos informáticos, programa Meiga		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Coñecemento e xestión da biblioteca mediante o programa MEIGA por parte do profesorado e alumnado do 3º ciclo	Coordinador da biblioteca	30/06/2023	Equipos informáticos, software.....		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula						
OBXECTIVO 2	Utilizar as tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe/a de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Recursos educativos utilizados que fomenten a creatividade					
Valor de partida	0 recursos educativos					
Valor previsto e data	2 recursos educativos creados			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Formación dun grupo de traballo para a creación dunha radio escolar	Coordinador equipo de radio	30/06/2023	Humanos: profesorado e alumnado. Equipo de radio, consola, micrófonos, cascos. Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Realización de actividades de creación e edición de vídeo	Coordinadores de ciclo	30/06/2023	Humanos: profesorado e alumnado. Materiais. Camara de video, ordenador, software.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado							
OBXECTIVO 3	Mellorar a competencia dixital do alumnado				Acadado		
RESPONSABLE:	Xefe/a de estudos				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Uso da ferramenta Libre Office						
Valor de partida	30% do alumnado de Educación Primaria						
Valor previsto e data	100% do alumnado de Educación Primaria			30/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO3.1: Formación do profesorado para o uso da ferramenta libreoffice	E. Directivo e coordinador das TICS	31/10/2023	Humanos, profesorado. Materiais: Aula de informática. Equipos informáticos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO3.2: Traballar na aula de informática coa ferramenta libreoffice	O profesorado do centro	30/06/2023	Aula de informática, equipos informáticos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

"Área/s de mellora": Pedagogía: Implantación na aula						
OBXECTIVO 4	Aumentar o número de proxectos interdisciplinares do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Director				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de proxectos interdisciplinares creados					
Valor de partida	3 proxectos interdisciplinares					
Valor previsto e data	6 proxectos interdisciplinares			30/06/2023		
DESCRICIÓN				SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Formación do profesorado a través dun PFPP: Blogs	Coordinador/a do PFPP	30/11/2022	Personal en colaboración co CFR. Materiais: Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Creación de grupos de traballo estruturados por ciclos	Coordinadores de ciclo	01/10/2022	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Desenrolo dos proxectos interdisciplinares	Coordinadores de ciclo	30/06/2023	Equipos informáticos, software		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades:

Ampliar o cableado de internet por todo o colexio.

Revisar e reparar as conexións da aula de informática.

Equipamentos:

Renovar ordenadores de aulas primaria e infantil:	13 Ordenadores. 4 Pantallas interactivas. 4 Proxectores.
Renovar ordenadores aula de informática:	21 Ordenadores.
Aulas de inglés:	4 Ordenadores 2 Pantallas interactivas.
Aula de música:	1 Pantalla interactiva.
Aulas de apoio:	3 ordenadores 2 Pantallas interactivas.
Relixión:	1 ordenador portátil.
Educación Física:	1 ordenador portátil. 1 Pantalla interactiva.
Biblioteca:	3 ordenadores. 1 Pantalla interactiva.
Material de uso común:	4 cámaras de fotos. 2 cámaras de vídeos. 2 impresoras multifunción.

4.Avaliación do plan

O proceso de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será:

- No contexto da avaliación procesual: Farase unha vez ao trimestres e se valorará as accións `propostas para cada obxectivo: Realizada, aprazada, pendente, executada en tempo e se e o caso, posibles modificacións das accións e as propostas de mellora para alcanzar mellor os obxectivos propostos.
- No contexto de avaliación final: A súa realización será unha vez ao ano. Analizaranse os obxectivos tendo en conta os logros conseguidos de cada obxectivo coas súas accións e se é necesario realización de propostas de mellora.
- O estado da avaliación quedará reflectido nas táboas do plan de acción do apartado 3.1
- Tamén revisarase o equipamento e infraestruturas tecnolóxicas do centro, tendo en conta aspectos como: se son suficientes, novas necesidades, estado dos equipamentos, novas solicitudes...

5. Difusión do plan

O plan de convivencia, unha vez aprobado polo consello escolar, debe ser coñecido e asumido por todos os sectores da comunidade educativa. O centro educativo garantizará a súa difusión.

Canles de difusión:

- Consello escolar.
- Secretaría do centro.
- Exemplares para o profesorado.
- Titorías cos pais/nais, reunións de principio de curso.
- Web do centro.
- Aula Virtual.